



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR OU PROFESORA DE SAXOFÓN NA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE PADRÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réximen local, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2015, aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección número 13/2015-SPLT, para a provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de saxofón na Escola de Música do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, e convocouse o correspondente procedemento.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde do Concello de Padrón, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O texto íntegro das bases aprobadas pode consultarse na páxina web do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es) e no Taboleiro de Anuncios do mesmo.

Padrón, 5 de novembro de 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira